



BIOGRAFÍA DE MARGARITA SALAS



FORMACIÓN

LICENCIADA EN CIENCIAS QUÍMICAS POLA UNIVERSIDADE COMPLUTENSE DE MADRID, PUBLICOU MÁIS DE 200 TRABALLOS CIENTÍFICOS. FOI DISCÍPULA DE SEVERO OCHOA, CO QUE TRABALLOU NOS ESTADOS UNIDOS, DESPOIS DE FACELO CON ALBERTO SOLS EN MADRID. CASADA CO TAMÉN CIENTÍFICO ELADIO VIÑUELA, XUNTOS ENCARGÁRONSE DE IMPULSAR A INVESTIGACIÓN ESPAÑOLA NO CAMPO DA BIOQUÍMICA E DA BIOLOXÍA MOLECULAR.

PREMIOS

RECIBIU O PREMIO XAIME I DE INVESTIGACIÓN EN 1994DOS PREMIOS NACIONALES DE INVESTIGACIÓN PARA JÓVENES, ENTRE ELES O PREMIO NACIONAL MARGARITA SALAS, NA ÁREA DE BIOLOXÍA.[7]

PERTENCEU A VARIAS DAS MÁIS PRESTIXIOSAS SOCIEDADES E INSTITUTOS CIENTÍFICOS NACIONAIS E INTERNACIONAIS, COLABORANDO E SENDO MEMBRO DO CONSELLO EDITORIAL DE IMPORTANTES PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS.

OBTIVO DIFERENTES GALARDÓNS, SENDO NOMEADA "INVESTIGADORA EUROPEA" EN 1999 POLA UNESCO, E RECIBIU O PREMIO XAIME I DE INVESTIGACIÓN EN 1994. FOI DIRECTORA DO INSTITUTO DE ESPAÑA (1995-2003), ORGANISMO QUE AGRUPA Á TOTALIDADE DAS REAIS ACADEMIAS ESPAÑOLAS.

INVESTIGOU NO CENTRO DE BIOLOXÍA MOLECULAR "SEVERO OCHOA", CENTRO DE INVESTIGACIÓN MIXTO DO CSIC E DA UNIVERSIDADE AUTÓNOMA DE MADRID, TRABALLOU DENDE FINAIS DOS 1960 CO VIRUS BACTERIÓFAGO PHİ29, QUE INFECTA UNHA BACTERIA NON PATÓXENA, BACILLUS SUBTILIS, DE GRANDE UTILIDADE NA INVESTIGACIÓN EN BIOTECNOLOXÍA.[4]

FOI MEMBRO DA REAL ACADEMIA DE CIENCIAS EXACTAS, FÍSICAS E NATURAIS (DENDE 1988) E PRESIDENTA DA FUNDACIÓN SEVERO OCHOA. O 4 DE XUÑO DE 2003 TOMOU POSESIÓN DA CADEIRA I DA REAL ACADEMIA ESPAÑOLA, SENDO A PRIMEIRA MULLER CIENTÍFICA EN INGRESAR NESTA INSTITUCIÓN.[5]

EN MAIO DE 2007 FOI NOMEADA MEMBRO DA ACADEMIA NACIONAL DE CIENCIAS DOS ESTADOS UNIDOS, SENDO A PRIMEIRA MULLER ESPAÑOLA DA INSTITUCIÓN.

EN XULLO DE 2008, POLO REAL DECRETO 1175/2008, BOE DO 12 DE XULLO, O REI XOÁN CARLOS I NOMEOUNA MARQUESA DE CANERO.

NO 2019, CON MÁIS DE 80 ANOS, SEGUÍA A TRABALLAR DIARIAMENTE COMO INVESTIGADORA NO LABORATORIO